

‘Papagena’, a ópera electrónica en galego dirixida por ButacaZero, chega a Tui este venres 21 de outubro

Sobre o escenario estarán a soprano Esperanza Mara e o barítono cambadés Jacobo Rubianes que actúan acompañados no escenario polo director musical da peza, Iago Hermo, compositor ademais da música e do libreto

A ópera será no Teatro Municipal de Tui ás 21.30 h e a entrada gratuíta pódese reservar na web tui.gal



Foto de escena da ópera electrónica *Papagena* © Miramemira

18 de outubro de 2022.- *Papagena*, á última creación da compañía ButacaZero, dirixida por Xavier Castiñeira e Esther F. Carrodegas, vaíse representar este venres 21 de outubro, ás 21.30 h, no **Teatro Municipal de Tui**. Trátase dunha **ópera electrónica contemporánea de pequeno formato en galego**, con perspectiva de xénero, que narra a historia dunha parella engaiolada nunha relación tóxica. O elenco está formado pola soprano **Esperanza Mara** e o barítono cambadés **Jacobo Rubianes** que actúan acompañados no escenario por **Iago Hermo**, compositor da ópera e do libreto e tamén director musical da peza.

O espectáculo é gratuíto pero cómpre reservar a entrada na web tui.gal. Esta función enmárcase no programa ‘Con-fiando Cultura’ da Deputación de Pontevedra que tamén levará proximamente *Papagena* ata **Gondomar** (5 de novembro) e **Bueu** (19 de novembro).

Papagena é unha ópera electrónica inspirada na parella de persoas-paxaro da célebre *A frauta máxica*, de Wolfgang Amadeus Mozart. A peza, **na que Castiñeira e Carrodegas asumen por primeira vez a dirección**



escénica dunha ópera, nace da vontade de afondar nos clichés de xénero presentes no eido da creación operística, mais tamén **pretende rachar con outras percepcións habitualmente asociadas ao mundo da lírica**: a lingua, os espazos de representación, o público destinatario ou mesmo o formato. Para conseguilo, Iago Hermo deseñou unha ópera electrónica, baseada nas súas investigacións arredor do espectralismo minimalista. O resultado, coa colaboración de Ana Arteaga na escenografía e de Diego Valeiras no vestuario, é un espectáculo **musicalmente inmersivo e visualmente contemporáneo** que levará a ópera a vilas onde non adoita chegar este estilo musical.

Así, alén de Pontevedra, a xira de **Papagena** tamén ten previstas funcións en **Oleiros** (29 de outubro), **Celanova** (6 de novembro), **Muros** (12 de novembro), **Boiro** (18 de novembro) e **Foz** (25 de novembro). Na meirande parte das vilas o público poderá gozar desta **experiencia única e inmersiva de xeito totalmente gratuíto**. Todas as datas, horarios e sistema de acceso ás funcións de **Papagena** está dispoñible na páxina web da compañía, butacazero.net.

APOSTA POLA CREACIÓN EMERXENTE E O TERRITORIO

Con esta nova produción, unha **ópera galega e en galego**, ButacaZero mantén a súa aposta polo **risco escénico, pola creación emerxente** a través da colaboración con artistas de Galicia e pola **creación vinculada á temática social e cunha fonda implicación no territorio**. Neste sentido, un dos principais obxectivos da compañía viguesa é construír país arredor da cultura. Para iso, adaptarán a ópera contemporánea á realidade social galega, levándoa, ao longo do vindeiro trimestre, a espazos non convencionais para a súa representación. A entrada será de balde en todas as funcións para favorecer, deste xeito, o achegamento á ópera tanto do público adolescente coma adulto.

PAPAGENA TUI | INFO PRÁCTICA

Venres 21 de outubro | 21.30 h

Teatro Municipal Tui [Rúa Colón, 2, 36700 Tui, Pontevedra]

Entrada gratuíta previa reserva en:

<https://tui.gal/gl/axenda/butacazero-con-papagena>

CONTACTO DE PRENSA BUTACAZERO

The Office Comunicación

Bea Pérez | 604 070 409

Luisa Castiñeira | 620 113 155

Lucía Pita | 675 404 321

prensa@theofficeco.es

KIT DE PRENSA 'PAPAGENA'

<https://cutt.ly/Papagena>